

A. O ámbito da moral

A.1. O acto moral

a) CARACTERÍSTICAS E ESTRUCTURA DO ACTO MORAL

Aínda que os actos morais son actos humanos, non tódolos actos realizados polo home son morais. Para selo requírese que sexan realizados libre e conscientemente (carácter voluntario), que afecten a outras persoas (carácter social), e que estean regulados por normas morais (carácter normativo). En caso contrario, o acto é moralmente indiferente ou amoral.

En todo acto moral se poden distinguir as seguintes fases: (1) a intención ou motivo que impulsa a actuar, (2) o fin ou obxectivo que se pretende acadar, (3) os medios que se utilizan para conseguilo fin proposto e que teñen que estar axeitados á natureza do mesmo, (4) os resultados obtidos, (5) e as consecuencias que ese acto ten para os demais.

b) O AXENTE MORAL

O axente moral é a persoa que realiza o acto moral e é responsable do mesmo. O axente moral é sempre o ser humano, por se-lo único capaz de ter unha conducta voluntaria. Só o ser humano, a pesar dos condicionantes xenéticos e sociais, pode acatar libre e conscientemente as normas morais, e actuar, tamén libre e conscientemente, de acordo con elas. Deste modo, ó ser no ámbito da propia conciencia do axente de onde emana o acto moral, dise que o axente moral é autónomo.

c) A RESPONSABILIDADE MORAL

Unha condición necesaria para que un suxeito sexa moralmente responsable dun acto é que teña coñecemento das circunstancias e consecuencias do mesmo. A ignorancia só exime de responsabilidade cando o suxeito non ten a obriga de saber (ignorancia invencible).

Outra condición imprescindible para atribuí-la responsabilidade dun acto é que o suxeito o realizase libremente. Para que a coacción, externa ou interna, exima de responsabilidade ten que ser tan forte que anule por completo a vontade do suxeito.

A este respecto, un debate de importantes consecuencias para a moral é o que enfronta a deterministas e indeterministas. Sosteenen os deterministas que o ser humano non é libre, xa que a súa conducta é consecuencia necesaria de certos factores (xenéticos, sociais, psicolóxicos etc.) que escapan ó seu control. Os indeterministas, polo contrario, sosteenen que o ser humano é libre, e ofrecen como proba a conciencia que ten o suxeito da súa propia liberdade, é dicir, que actuou dunha maneira podendo telo feito doutra.

O que no fondo deste debate está en xogo é a existencia mesma da moral, pois se o home non é libre, non é responsable dos seus actos e, polo tanto, non ten sentido emitir xuízos morais nin a favor nin en contra, algo que facemos constantemente.

A.2. A norma moral

a) ACTOS E NORMAS

Todo acto moral refírese a unha norma que impón un deber ou obriga. Se o acto se axusta á norma é moralmente positivo, e se a transgrede é moralmente negativo ou inmoral. Normas e actos están, pois, interrelacionados: as normas esixen ser realizadas e os actos refírense a normas. A validez das normas é independente de que se cumpran ou non, porque se refíren ó que idealmente debe ser e non ó que realmente é.

A tarefa moral non consiste en aceptar sen máis as normas, senón que o propio suxeito debe asumilas libremente e intentar adaptalas a situacións concretas que a norma, pola súa xeneralidade, non ten en conta. Pode incluso que, ante unha situación concreta, o suxeito se atope con normas incompatibles que lle producirán un conflito de conciencia.

b) NORMAS MORAIS E NORMAS XURÍDICAS

Aínda que as normas morais coinciden coas normas xurídicas en que regulan a conducta social dos homes e en que obrigan a ser cumpridas, distínguense en varios puntos.

En primeiro lugar, mentres que as normas xurídicas teñen en conta ó home no seu estado civil (en canto membro da sociedade e do Estado), as normas morais consideran ó home no seu estado natural (en canto ser humano).

En segundo lugar, mentres que as normas xurídicas son promulgadas e sancionadas polo Estado, as normas morais sono pola propia conciencia do individuo.

En terceiro lugar, mentres que as normas xurídicas teñen validez particular (no ámbito do país en que están vixentes), as normas morais teñen validez universal (para todo ser humano).

Por último, mentres que para o cumprimento das normas xurídicas é suficiente o acto externo, para o das normas morais necesítase ademais o convencemento íntimo de que iso é o que se debe facer.

c) AUTONOMÍA E HETERONOMÍA MORAL

A autonomía e heteronomía moral refírese á orixe das normas morais. Mentres que as morais autónomas o sitúan na razón humana, individual ou consensuada mediante o diálogo, as morais heterónomas nunha instancia allea, ben sexa Deus (moraís teónomas) ou a sociedade (socioloxismo ético).

A.3. A valoración moral

a) ¿QUE SON OS VALORES MORAIS?

Os valores morais son cualidades que atribuímos ós seres humanos e ós actos por eles realizados, e que os fan obxecto da nosa preferencia ou rexeitamento. Deles dicimos que son bos ou malos, e que uns son mellores ou peores que outros.

O ben e o mal non sempre se atribúe de algo ou de alguén nun sentido moral. En canto ás cousas, o seu valor depende da finalidade para a que serven. Teñen un valor instrumental. Non son boas ou malas en si mesmas, senón boas

ou malas para algo. O home, ademais dun valor instrumental (boa deseñadora), posúe un valor humano (boa persoa). A valoración moral só afecta ó ser humano en canto persoa.

b) ABSOLUTISMO E RELATIVISMO MORAL

Respecto da natureza dos valores morais, dúas posturas mantidas ó longo da historia son o absolutismo e o relativismo moral.

Segundo o absolutismo moral, os valores son algo obxectivo e válido para tódolos seres humanos de tódolos tempos e de tódalas culturas. Para o absolutismo moral, o bo e valioso é sempre e para todos.

Para o relativismo, polo contrario, os valores son algo subxectivo e varían en cada época histórica, en cada cultura e incluso en cada individuo. Para o relativismo moral, o bo e valioso non é sempre nin para todos.

Actualmente, no seo das sociedades democráticas, caracterizadas polo pluralismo de ideas e, por tanto, pola pluralidade de códigos morais, o debate entre o absolutismo e o relativismo toma unha nova dimensión, pois ningún grupo pode impoñe-la súa forma de pensar ós demais nin todo está permitido. A solución que se propón é a de tratar de formular unha moral civil ou de mínimos, consensuada racionalmente por tódolos grupos sociais. O fundamento desta nova moral, postura intermedia entre o absolutismo e o relativismo, sería o diálogo.

B. Fundamentación histórica da moral

B.1. Os sofistas

Os sofistas eran un conxunto de intelectuais que a mediados do século V a. C. percorrían as polis gregas vendendo os seus coñecementos. Ensinaban unha especie de habilidade ou virtude política, a arte da oratoria, que convertería a quen a posuía nun bo político.

Para o sofista Protágoras, o ben, como tódolos valores, non é algo absoluto, senón relativo; é dicir, que o que é bo para uns pode ser malo para outros, e incluso para un mesmo individuo o que é bo unhas veces pode ser malo outras.

Os sofistas distinguiron a xustiza legal da xustiza natural, e sostiveron que eran incompatibles entre si. O legalmente xusto é o establecido nas leis e costumes de cada país, e, ó ser algo convencional, varía dun a outro. O naturalmente xusto, polo contrario, vén determinado por unha lei natural que rexe universalmente para tódolos seres humanos. Para o sofista Hippias, esta lei natural radica na igualdade e fraternidade universal; e para os sofistas Calicles e Trasímaco, no dereito do máis forte a impoñerse sobre o máis débil.

B.2. Sócrates

A actividade dos sofistas provocou a reacción do seu contemporáneo Sócrates (469-399 a.C.). Para Sócrates, non hai máis xustiza que a establecida polas leis, e o home bo debe acatalas, pois sen leis non sería posible a vida social.